

Impulsando a nova regueifa do século XXI

Proxectos Regueifesta e Enreguéifate



Os proxectos Regueifesta e Enreguéifate son dúas iniciativas colectivas que procuran contribuír a revitalizar a improvisación oral en verso cantada na Galiza co obxectivo de galeguizar un novo ámbito de socialización para a infancia e a xuventude.

A continuación incluímos unha presentación dos dous proxectos.

1. Proxecto Regueifesta

A Regueifesta naceu no curso 2015-2016 co impulso de dous institutos -o IES de Baio e o IES de Vila de Cruces- e, co apoio da Asociación ORAL e da Escola Semente, e creou un pequeno movemento de dinamización do repente galego entre as novas xeracións. Este movemento é posíbel grazas á participación de dúcias de centros de ensino -e profesorado comprometido- que fan uso da regueifa como ferramenta de transformación social.

O proxecto Regueifesta ten como obxectivo activar un proceso innovador de participación da comunidade escolar no coñecemento, valoración e práctica da improvisación oral en verso, nos espazos formais e informais, de ocio e de tempo libre, como ferramenta para a normalización lingüística, a formación comunicativa e musical e a educación en valores, nomeadamente a igualdade de xénero, entre a xente nova.

Que é a Regueifesta?

A Regueifesta é un proxecto educativo impulsado pola enerxía da innovación educativa, que procura identificar valores da sociedade actual -autoxestión, participación social, intelixencia emocional, ecoloxismo lingüístico, visión internacional do idioma etc.- co uso normal da lingua galega nos espazos vitais -formais e informais- da xente nova.

Ten como interese principal crear un modelo metodolóxico orientado a promover a participación directa e a corresponsabilidade de todos os axentes da comunidade educativa. É un roteiro vivencial da nosa lingua como construción social, proxecto comunitario creativo, expresión de identidade colectiva e de utilidade imprescindible.

Como resultado do traballo do proxecto Regueifesta no curso 2015-2016, no curso 2016-2017 comezou a impartirse a materia optativa "Regueifa e improvisación oral en verso" que se implantou no IES Marco do Camballón de Vila de Cruces e no IES de Baio.

A Regueifesta, ademais, organizou o I e o II Encontro de Mulleres Regueifeiras, en 2017 e 2018, reunindo máis de 20 regueifeiras -que crearon a Asemblea de Mulleres Regueifeiras- e contribuíndo a impulsar a Nova Regueifa Feminista.

Activou asemade un proceso de investigación e pescuda, con recollidas de campo en Bergantiños, O Courel, Ourense, Póboa do Brollón, Deza ou o Bierzo, na procura de información sobre as diferentes formas de improvisación galegas: brindo, bombas, entroido do Ulla e regueifa. Este traballo de investigación forma parte da base metodolóxica e formativa do proxecto.

Desde o curso 2015-2016, a Regueifesta iniciou relacións internacionais entre alumnado galego e doutros pobos improvisadores. Deste xeito, o primeiro intercambio realizouse co País Vasco, co nome de Regueibertso. Posteriormente, sumouse o repentismo catalán, no curso 2018, cun intercambio a tres bandas con institutos da Galiza, Barcelona e Igorre. E, no curso 2019-2020, a Regueifesta organizou o I Encontro Escolar Galego-Português de Repentismo, con participación de profesorado e alumnado galego e português, da Madeira e de Estarreja.

Activistas da Regueifesta -profesorado e alumnado- foron, ademais, convidadas a participar en diferentes eventos internacionais de repentismo, como o festival Fest-Cordel, en Portugal, o I Encontro de Repente Português de Viana do Castelo, o Festival de Santa Cruz, de Madeira, o encontro mundial de bertsolarismo, Bertsolari Txapelketa Nagusia en Bilbo en 2017 ou o festival Improversem de Barcelona.

Ademais, a Regueifesta ten entre os seus obxectivos a formación do alumnado e do profesorado. De aí que teña participado en diferentes xornadas de formación organizadas por sindicatos, asociacións de profesorado, CEFORES, asociacións culturais, universidades e outras insitucións.

No momento actual, a Regueifesta está a desenvolver un programa Erasmus Plus, "Coñecendo o repentismo europeo", que ten como obxectivo a formación de profesorado e o intercambio de experiencias con centros de ensino, asociacións e institucións doutras realidades do repente europeo: Iparralde no estado francés, Córsega e Tortona no estado italiano e Madeira, en Portugal.

Como exemplo do traballo de cinco anos da Regueifesta, destacamos a participación de catro repentistas de 16 e 17 anos no concurso "Vai de Regueifa", no programa da TVG Luar, xunto a catorce regueifeiras e regueifeiros máis, como xeito de visualizar unha nova xeracións de repentistas e confirmación da revitalización do xénero.

En todo caso, o traballo da Regueifesta é un traballo educativo, de base activista, do día a día, impulsado polo profesorado que participa da regueifa como ferramenta para a transformación social, desde o ensino, como recurso para a mellora de habilidades e competencias do seu alumnado.

Contextualización sociolingüística

A situación do noso país continúa a evolucionar de forma dramática cara á desgaleguización, especialmente na infancia e na mocidade. O proceso acontece simultaneamente no campo das actitudes, do coñecemento e dos usos lingüísticos e musicais.

O ensino formal é un ámbito importante onde tradicionalmente se está a traballar para intentar reverter ese proceso. É fundamental traballar pola vitalidade da nosa lingua nos centros de ensino mais non esquezamos que o achegamento da xente nova á nosa lingua debería ir alén do ámbito educativo, formal e informal.

Nese sentido, o proxeto Regueifesta ten como obxectivo final crear novos espazos de encontro entre a lingua galega e a xuventude relacionados con espazos propios de ocio e tempo libre desta franxa de idade.

Así mesmo, a Regueifesta traballa a medio e longo prazo por un proceso de participación social, de espazos e hábitos

de divertimento asociados á nosa lingua e á nosa cultura e identidade, a creación dunha dinámica socializadora da lingua, dunha rede de relacións interpersoais en galego, da introdución dun novo tema sociocultural para a mocidade e da proxección dun discurso actualizado que vincule lingua galega con modernidade, novas tendencias e cultura de vangarda.

Un dos nosos modelos no nivel formativo é o proxecto dos Obradoiros de Formación e o Certame de Regueifas que impulsaron en Vigo a Asociación ORAL e o Servizo de Normalización do Concello hai oito anos. O modelo de obradoiro Regueifesta suma á aprendizaxe da técnica a aprendizaxe de valores, co obxectivo de fomentar unha regueifa non agresiva nin violenta, con valores de igualdade de xénero e defensa da diversidade sexual e con base no movemento feminista. Esta é a principal marca de identidade da Regueifesta: a preocupación pola inclusión de todas as persoas, sen exclusións, no repente galego.

Neste sentido, a Regueifesta tamén ten entre os seus obxectivos a promoción do rap improvisado en galego e non sexista.

No campo das enerxías sociais, queremos vincular o noso proxecto, a nosa experiencia, co activismo social que, desde diferentes puntos do país, están a protagonizar un rexurdir da regueifa, desde Vigo ao Courel, desde a Poboia do Brollón até Compostela. Este proceso reúne diferentes xerazóns de regueifeiras e regueifeiros e persoas dinamizadoras da regueifa, desde a asociación ORAL até a Escola de Ensino Galego Semente, de Xairo de Herbón até Aurora a Rabela, desde Sara Marchena e Esther Porrit até Alba María.

As regueifas teñen un gran potencial como recurso de dinamización lúdico, especialmente en espazos informais, encontros sociais, festas, festivais, e reunións de moi diferente tipo. Son un estímulo de calidade para o desenvolvemento de habilidades lingüísticas e sociais. As regueifas posúen, ademais, un alto potencial como instrumento facilitador da participación no proceso de normalización lingüística.

Obxectivos deseñados como resposta ás necesidades detectadas nos diferentes ámbitos

- .- Relacionar as raíces tradicionais da nosa identidade, chegadas do pasado ao presente, coas novas tendencias, de vangarda, tecnolóxicas, de relación social, expresivas, da xente máis nova.
- .- Modernizar o imaxinario cultural da xente nova participante, creando novos espazos, ferramentas e temas de

socialización e relacións interpersoais.

.- Fomentar o principio de aprender xogando ou xogar aprendendo, coa festa e o lúdico como estimulantes e motores da aprendizaxe.

.- Pór en valor que as persoas participantes sexan protagonistas do proceso de aprendizaxe, creando un proceso de experiencias vividas de forma significativa, con valores, actitudes e motivacións como motores de mudanzas persoais e colectivas.

.- Fornecer de recursos á rede de profesorado interesada na promoción dunha forma de traballo popular, dunha escola aberta á sociedade, e dunha sociedade aberta á escola.

.- Promover a regueifa como forma de comunicación entre a xente nova.

.- Crear espazos en galego para a expresión e a creatividade entre a xente nova.

.- Identificar a lingua galega cunha actividade lúdica e creadora de relacións sociais entre a mocidade.

.- Actualizar os referentes socioculturais da lingua, convertendo un xogo oral tradicional nunha novidade ou innovación social.

.- Transmitir actitudes, motivacións e estímulos que favorezan a creación de novos usos e espazos en galego.

.- Modernizar a propia regueifa e a lingua galega coas achegas das xeracións máis novas.

.- Colaborar co movemento pro-regueifa que fomenta a participación social desde a base.

.- Visualizar publicamente a normalidade da relación entre xente nova e lingua galega, valorando o protagonismo das novas xeracións no proceso de revitalización do noso idioma.

Obxectivos da regueifesta no ensino e na aprendizaxe relacionados coa lingua e a comunicación

.- O desenvolvemento de habilidades e competencias comunicativas orais, lingüísticas, musicais e non verbais.

.- A participación directa por parte do alumnado no deseño dun proxecto de produción dunha nova idea, novos valores e novos comportamentos, co obxectivo de crear unha mudanza social: introducir a regueifa no mundo do ensino e en ámbitos da xente nova.

.- A xestión directa do proceso de comunicación en varios campos: redes sociais, prensa convencional, prensa dixital, radio e televisión.

.- A elaboración de textos orais e escritos adecuados a diferentes necesidades comunicativas do proxecto: presentación do proxecto, dinamización do happening da regueifa, conversas telefónicas con prensa, participación en programas de TV, conferencias en público, creación de notas de prensa etc.

.- A resposta a prexuízos contra o galego e o fomento da autoestima coa valoración do propio, especialmente do

sentimento de pertenza á comunidade galego-falante e a revaloración da lingua galega como ferramenta de desenvolvemento persoal e colectivo, e difusión da lingua a ámbitos non galego-falantes habituais.

.- O fomento do traballo en grupo, a través de dinámicas colaborativas dentro do centro escolar e con outros axentes educativos e sociais.

2. Enreguéifate

O proxecto Enreguéifate nace como achega ao movemento de revitalización e difusión da regueifa e da man da Regueifesta. Organizado inicialmente polo Concello de Santiago de Compostela no ano 2017, sumou no curso 2018-2019 os concellos de Ames, Teo e Carballo e, na edición de 2019-2020, incorporou os de Rianxo e Pontevedra.

Enreguéifate apoia a difusión da improvisación oral en verso (regueifa) para contribuír, por medio dela, á promoción do uso da lingua galega, obxectivos que comparte coa Regueifesta e cos que se suma ao labor de diversas entidades e persoas do ámbito público e privado.

O obxectivo principal deste proxecto é que a cidadanía entre en contacto coa improvisación oral en verso a través da experiencia de regueifar, por iso inclúe accións formativas para alumnado e profesorado, un certame regueifeiro en vídeo, accións divulgativas nas redes e encontros de regueifa.

Certame de regueifas en vídeo Enreguéifate

Os concellos organizadores convocan un certame Enreguéifate, que xa vai pola súa cuarta edición, co que se pretende que as persoas interesadas en participar envíen o seu vídeo regueifando de maneira sixela. O prazo para participar ábrese na primeira parte do ano, coa difusión das bases e o formulario a través da web do proxecto.

O concurso inclúe dúas categorías: unha xeral, para calquera persoa, e outra escolar, para alumnado dos centros educativos galegos non universitarios. Os premios son simbólicos e intentan recoñecer a orixinalidade e agudeza, a calidade lingüística e musical, a diversidade ou o compromiso coas causas xustas. A lingua empregada ten que ser o galego, a temática é libre, e en cada vídeo deben aparecer cando menos dúas persoas cunha duración máxima de 3 minutos.

(Pódense consultar as bases deste certame nos anexos).

Formación para o alumnado

O proxecto Enreguéifate inclúe tamén accións formativas para o alumnado dos centros de ensino nos concellos impulsores. Os obradoiros Enreguéifate teñen como finalidade que a mocidade aprenda métodos de improvisación oral de xéneros galegos como a regueifa. Con eles téntase ademais visualizar a rede de revitalización do repente en Galicia, así como promover a participación no certame Enreguéifate.

Contidos:

- Técnica: rima, métrica, estrofa, melodía, campos semánticos e recursos léxicos.
- A improvisación en Galicia. Xéneros.
- Valores: igualdade de xénero, respecto pola diversidade, axuda mutua, etcétera.

Duración:

Cada obradoiro deesenvólvese en 90 minutos, o equivalente a dúas sesións de clase seguidas.

Participantes:

Os concellos achegan a oferta aos centros e programan con eles o calendario de sesións, que toman como referencia grupos-aula, aproximadamente 25 participantes. Este número pode variar pero en ningún caso supera os 50.

Inicialmente diríxense a 5º e 6º de educación primaria e 1º e 2º de ESO, mais cando hai profesorado interesado organízanse tamén noutros niveis.

Docentes:

Lupe Blanco, Josinho da Teixeira, Alba María, Sara Marchena, Aurora Redondo...

Formación para o profesorado

Xornada Enreguéifate para o fomento e aproveitamento educativo da improvisación oral

O 17 de febreiro de 2018 celebrouse no Fórum Carballo a 'Xornada Enreguéifate para o fomento e aproveitamento educativo da improvisación oral'. Neste evento, organizado polo concello carballés, participaron unhas 70 persoas, tanto docentes como non docentes, que puideron achegarse ao mundo da improvisación oral en verso e coñecer as súas múltiples potencialidades educativas.

Ao longo deste día interviñeron diversas persoas con experiencia na educación e no repente: Alba María, Antonio de Xornes, Lupe Blanco, Manolo Maseda, Sara Marchena e Séchu Sende. Nos seus relatorios abeiraron a regueifa en relación coa educación, coa lingua, coa igualdade ou coa transformación social. Así mesmo, incidiron no seu pasado e presente na comarca bergantiñá e fixeron un percorrido polas diferentes expresións da improvisación oral en verso en Galicia e noutros lugares do mundo. Para pechar a xornada celebrouse unha foliada regueifeira na taberna O Mexillón, que contou cunha ampla participación do público.

Unidade didáctica

Na edición 2019 distribuíuse unha unidade didáctica entre o profesorado dos concellos participantes no proxecto, aberta a toda persoa interesada na formación en improvisación oral a través da web do proxecto.

(Pódese consultar a unidade completa na web do Enreguéifate).

Regueifesta ou festa da regueifa

O certame pechouse cada ano un acto público e de carácter festivo. Nas primeiras edicións coincidiu co gran encontro da Regueifesta, dunha actividade didáctica á vez que unha mostra de diversos xéneros, que procura a participación da comunidade na difusión da regueifa e da improvisación oral en verso.

Nos encontros Regueifesta, no Auditorio de Galicia, interviñeron rapazas e rapaces da nova xeración galega do repentismo, así como alumnado de Euskadi e de Cataluña, que improvisarán ao xeito do bertsolarismo e da glosa. Dinamizaron o acto os/as regueifeiro/as Alba María, Josinho da Teixeira, Séchu Sende e Manolo Maseda, e incluíronse tamén diversas intervencións musicais.

En 2019, este encontro realizouse fóra do horario lectivo, polo que non se enfocou especificamente a centros de ensino. Estivo conducido polas regueifas de Lupe Blanco, Olalla Liñares, Sechu Sende e Manolo Maseda e contou coa actuación musical de García MC.

Na edición 2020, debido ás restricións pola pandemia, quedaron suspendidas as actividades presenciais e unicamente

se puido organizar unha pequena difusión das regueifas gañadoras a través das redes sociais e da web do proxecto.

Enreguéifate na rede

A web www.enregueifate.gal é un espazo virtual desde o que se difunde cada convocatoria e, á vez, un repositorio de información das anteriores desde o que poder acceder a moito contido regueifeiro, como os vídeos gañadores ou o material didáctico que o proxecto produza.

Complétase coa canle de Youtube onde se publica toda a participación e cunha páxina de Facebook desde a que se procura dinamizar o certame, divulgar contidos e mesmo recursos formativos, apartado que gañou importancia na edición 2020 coa finalidade de facilitarlles a todas as persoas interesadas pequenos titoriais.

Cómpre destacar tamén as producións audiovisuais que xera a organización do programa, especialmente os vídeos promocionais e tamén as gravacións da Regueifesta que se publicaron, todos eles recursos que están ao dispor da comunidade para a expansión da regueifa.